

NUEVA ECONOMÍA Y NUEVA SOCIEDAD

ANDRÉS S. SUÁREZ SUÁREZ
Madrid: Prentice Hall, 2001
[191 páxinas]

Recibido: 25 xuño 2001
Aceptado: 17 xuño 2002

Andrés S. Suárez preséntanos neste libro unha análise da situación actual onde o proceso de globalización desenvolve un papel moi importante. Para iso fai referencia á obra de autores como Keynes, Marx, Miller, Hell, Nash e outros moitos, feito que lle permite establecer unha base histórica do sucedido ata agora en economía. Gracias a esta análise preliminar nunha gran parte dos capítulos deste libro resulta máis comprensible coñecer aqueles factores que foron clave nos escenarios pasados e, o que é máis importante, cáles son e cáles serán as variables fundamentais nos escenarios actuais e futuros. Citando a S. Kuznets (1941): “*Cando non se tomou en consideración a historia, os investigadores que non se deron conta de que as súas xeneralizacións baseábanse en circunstancias transitorias a miúdo entenderon mal os problemas económicos do momento*”. No prólogo, o autor lémbra-nos que a economía non deixa de ser unha ciencia social e que o mercado non é a panacea que soluciona tódolos problemas.

Podemos estrutura-los contidos do texto en tres partes. A primeira fai referencia á mundialización; a segunda estudia os efectos das crises, da tecnoloxía e das finanzas respecto da economía; e na última, afronta aqueles aspectos que non se poden reducir a termos monetarios, tales como a xustiza e a organización social.

No primeiro bloque analízase polo miúdo o proceso de globalización, sinalando as forzas que o impulsan. Entre elas, Suárez sinala as empresas multinacionais como principais responsables do proceso. Nesas empresas destaca o seu amplo uso dos mercados financeiros, nos que existe libre circulación de capitais; e, ademais, recalca o gran poder dos directivos destas empresas e que só se vexan disciplinados principalmente polo seu mercado laboral.

Esta nova economía na que nos vemos inmersos está relacionada directamente coa nova sociedade da información e do coñecemento, na que *internet* –a rede de redes– desenvolve un papel crucial. Un dos obxectivos máis importantes das empresas é tratar de diminuí-los custos fixos mediante diferentes estratexias, tales como as escisións, o *outsourcing*, as *joint ventures* ou as alianzas. Ó mesmo tempo, prodúcense masivos procesos de desestructuración; isto é, as empresas tenden a estilos organizativos *ah hoc*, matriciais e máis adiante sistemas *just in time*. Esta evolución encaixa perfectamente co termo *deconstrucción* acuñado polo filósofo francés Jacques Derrida. Unha contribución novidosa é indica-la dobre cara do proceso, para o que Suárez nos mostra tanto unha visión crítica e os movementos xurdi-

dos en contra deste proceso como unha enumeración das razóns que nos levan a pensar que esta evolución non ten por qué rematar mal.

Posteriormente, xa na segunda parte, o profesor Suárez explica como o libre movemento de capital provocou que as crises económicas actuais parezan sobre todo crises financeiras (que adoitan ter un gran transfondo psicolóxico), que adoitan propagarse entre os diferentes países dunha forma rápida. Aínda que cada crise teña as súas propias características diferenciadoras, o autor demostra que poden establecerse algúns elementos comúns a todas elas, como a retirada de diñeiro do país debida a cambios nos principais indicadores económicos; isto é, nos fundamentais. Esta saída masiva produce diminucións do tipo de cambio da moeda, de forma que as débedas en moeda estranxeira das empresas se incrementan e obrigan ó peche de moitas delas, feito que contaxia á banca e ó resto do sistema financeiro, e todo iso provoca unha maior deterioración dos indicadores fundamentais. A solución ante estas crises é proporcionarlles confianza tanto ós investidores coma ós mercados financeiros.

A continuación atopamos diferentes teorías sobre o progreso técnico e a produtividade ó longo do tempo, sinalando entre outros aspectos os despedimentos masivos de traballadores de cualificación media-alta producidos na terceira revolución industrial e que non son entendidos por moita xente. Tamén se indica a vinculación existente das empresas de todo tipo co mercado financeiro, xa que isto non ocorreu sempre así e cómpre indicalo.

A análise da eficiencia e da xustiza non é novidosa na literatura, pero frecuentemente foi relegada a un segundo lugar. No capítulo quinto o autor retoma esa análise desde distintos puntos de vista definindo tales termos tanto de forma individual como conxunta, xa que non existe un único pensamento en relación con eles. O teorema de Coase, ó que se fai referencia en máis dunha ocasión, o óptimo de Pareto ou o teorema de imposibilidade de Arrow son algunhas das teorías mencionadas que xunto coa atinada introducción de xogos, como o dilema do prisioneiro, nos permiten observar diferentes conceptos de eficiencia. En relación coa xustiza fai fincapé na xustiza social e, polo tanto, no papel do Estado, deténdose máis no fenómeno do estado do benestar así como nas súas posibles deficiencias.

Por último, Suárez reflexiona acerca de qué lle depara o futuro a esta sociedade na que o home baseou o seu desenvolvemento na súa capacidade de organizar e na que ten unha gran relevancia a linguaxe. Segundo el, nin o mercado nin o Estado por si mesmos nos levarán pola boa senda e resultará, polo tanto, necesaria unha interacción entrámbolos dous, igual que sucede coa eficacia productiva e a xustiza distributiva. Se isto non ocorre, o libre comercio creará unha masa de perdedores moi ampla que podería acabar rompendo as estruturas actuais.

A gran contribución desta obra é afrontar un tema de grande actualidade, xa que a globalización é un proceso no que nos vemos inmersos e ó que aínda lle queda camiño por percorrer, integrando diferentes aspectos como a xustiza, a tecnoloxía ou a eficiencia, e unha visión histórica que nos axuda a coñecer e a comprender tanto as súas causas como as súas consecuencias xa que se non, mencionando a

North (1993), “¿como recomendar medidas cando non se comprende a economía?”.

BIBLIOGRAFÍA

DOUGLAS, C.N. (1993): *La evolución de las economías en el transcurso del tiempo*. (Conferencia no acto de entrega do premio Nobel de Economía). Estocolmo.

ESTEFANÍA, J. (1996): *La nueva economía. La globalización*. Madrid: Temas de Debate.

DAVID RODEIRO PAZOS
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela